

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN FONTIÑAS

En Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2007

REUNIDOS

A Sra. conselleira de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Laura Sánchez Piñón, que actúa de conformidade co disposto no art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

A Sra. conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Ánxela Bugallo Rodríguez, que actúa de conformidade co disposto no art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

O Sr. alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, José A. Sánchez Bugallo, ao abeiro do disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 57/2003, e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e expresamente facultado para este acto en virtude do acordo adoptado en sesión celebrada o día 3 de maio de 2004.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren, e para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

As Administracións Públicas signatarias son conscientes de que o incremento da práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de xeito que permita dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

Sustenta o presente Convenio o ánimo e a firme vontade de exercer de xeito coordinado as competencias que en materia deportiva lles corresponden as Administracións intervinientes.

O presente convenio pretende atender as necesidades que en materia deportiva presenta a infraestrutura do Concello de Santiago de Compostela e satisfacer as demandas da comunidade escolar do IES Antonio Fraguas Fraguas e o CEIP das Fontiñas, en Fontiñas, sen que iso impida que as instalacións que se programan sirvan a usos máis amplos e se poñan ao servizo dos colectivos deportivos municipais, mediante unha axeitada planificación na súa xestión.

SEGUNDO.-

- 1) A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de promoción do deporte.

- 2) O Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, establece que lle competarán a esta consellería o fomento e a promoción da cultura física e o deporte.
- 3) A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, segundo o Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O artigo 5 da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia establece que a Administración autonómica fomentará o ensino e a práctica da actividade deportiva na idade escolar e o artigo 56.4 dita que se procurará situar as instalacións deportivas nos centros de ensino ou nas súas proximidades.

- 4) Ademais, a Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece dunha banda a competencia xenérica dos concellos, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en moi diversas materias, entre as que se contan, a realización de actividades en instalacións deportivas (artigo 25.2.m) doutra establece, co carácter de servizo mínimo obrigatorio, en Concellos de mais de 20.000 habitantes, os relativos a instalacións deportivas (artigo 26.1.c).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os Concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (art. 80.2.n) e, no artigo 198, que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán subscribir convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos, coordinando deste xeito as respectivas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector. De acordo con isto, a Lei xeral do deporte de Galicia contempla no seu artigo 9 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas Administracións locais.

TERCEIRO.-

O presente convenio está suxeito ao disposto na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Por todo o anterior a Xunta de Galicia, por medio das súas Consellerías de Cultura e Deporte e Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela, subscriben o presente Convenio que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente Convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia por medio das súas Consellerías de Cultura e Deporte e Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela, para a execución das obras de **“Construción dun pavillón polideportivo en Fontiñas”**, segundo o proxecto técnico básico e de execución redactado por Taller Ocho8 Arquitectura (Iván Gutiérrez de Teherán Castañón e Ramón Blanco Lobeto, arquitectos).

SEGUNDA.-

1. O investimento estimado ao que se refire o presente Convenio fíxase en dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00), importe que comprende o orzamento de execución por contrata e os honorarios da dirección de obra e do control de seguridade e saúde.

As partes achegarán con cargo aos seus orzamentos os importes segundo as anualidades que a continuación se relacionan:

	Aplicación orzamentaria	2007	2008	2009	Importe total
Consellería de Educación e O.U.	09.01.422N.760.0	150.000,00	583.332,67	100.000,00	833.332,67
Consellería de Cultura e Deporte	12.04.441A.760.0	75.328,68	400.000,00	358.005,32	833.334,00
Concello de Santiago de C.		416.666,67	416.666,66	0,00	833.333,33
TOTAL		641.995,35	1.399.999,33	458.005,32	2.500.000,00

O pagamento realizarase contra a presentación da certificación de obra realmente executada, expedida polo facultativo director da obra, ou, no seu caso polas facturas debidamente conformadas e aprobadas polo órgano municipal correspondente.

2. A introdución de modificacións ou aprobación de obras accesorias ou complementarias respecto do proxecto inicial, será competencia exclusiva do órgano de contratación, que as acordará en razón da xustificación que presenten, da conveniencia e da oportunidade destas.

Cando as modificacións supoñan un incremento no orzamento adxudicado e resulten de causas técnicas imprevistas, as partes asinantes coparticiparán no seu financiamento logo da adopción pola comisión de seguimento, prevista na cláusula sétima, dos correspondentes acordos que de ser necesario se incorporarán ao presente Convenio por medio da oportuna addenda.

As achegas económicas comprometidas veranse diminuídas en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan das respectivas adxudicacións, operación que se efectuará unha vez presentada a certificación final da obra (ao abeiro do disposto no artigo 147.1 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de

xuño). Ata contar con tal documento, as achegas económicas comprometidas seguirán vinculadas á finalidade inicialmente asignada e non experimentarán ningunha minoración.

TERCEIRA.-

1. Concello de Santiago de Compostela comprométese a licitar e contratar as obras, conforme ao proxecto xa elaborado, así como as asistencias técnicas precisas para a dirección da obra e do control de seguridade e saúde.
2. Da mesa de contratación, consecuencia do presente Convenio, formarán parte, con voz e voto, un representante por cada unha das consellerías signatarias, ademais daqueles que resulte preceptivo, en virtude da normativa de aplicación.
3. As partes resérvanse o dereito de inspeccionar as obras da instalación deportiva consecuencia do presente Convenio durante a súa execución, sen prexuízo de que corresponda, en exclusiva, ao órgano de contratación e aos técnicos designados por este a emisión de ordes que incidan no curso delas. A Xunta de Galicia poderá nomear un técnico facultativo para a o control das obras, no momento en que considere oportuno.
4. Concello de Santiago de Compostela comunicará ás demais partes asinantes do presente convenio a data sinalada para a realización da comprobación do trazado, por se fose do seu interese asistir a eles, sen que de tal asistencia se poidan derivar consecuencias de orde contractual.

CUARTA

1. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Santiago de Compostela, notificará a data da súa recepción á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Consellería de Cultura e Deporte por se fose do seu interese asistir.
2. A xestión, mantemento e conservación do pavillón polideportivo obxecto deste convenio será responsabilidade do Concello de Santiago de Compostela, sendo por conta deste a totalidade dos gastos que xeren, sen que as restantes partes asinantes deste Convenio posúan ningunha responsabilidade respecto delas.

Do anterior quedarán exceptuados os gastos de persoal que se precisen para a apertura e control do uso e utilización da instalación deportiva durante as actividades de carácter lectivo, que serán responsabilidade exclusiva do centro escolar.

QUINTA

1. A ulterior xestión do pavillón polideportivo deberá ter en conta que a finalidade da instalación atenderá prioritariamente ás necesidades que presente a comunidade escolar do IES Antonio Fraguas Fraguas e do CEIP das Fontiñas (de conformidade co artigo 60.3 da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia e da disposición adicional 15.7 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).
2. Consecuentemente, a dirección do centro educativo estará informada do uso que se faga da instalación deportiva obxecto deste convenio, e establécese a seguinte orde de preferencia no uso:
 1. Actividades do centro educativo en horario lectivo.

2. Actividades do Concello fóra do horario lectivo. O Concello deberá ter en conta tamén as necesidades do centro educativo para programar actividades extraescolares.

SEXTA.-

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento de calquera das súas cláusulas. O incumprimento poderá dar lugar, no seu caso, ao reintegro total ou parcial das achegas realizadas ao concello.

SÉTIMA.-

Para o seguimento do grao de execución do presente Convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes signatarias, que, como mínimo deberán ter nivel de xefe de servizo.

OITAVA.-

1. A vixencia do presente Convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2009, no que fai referencia aos compromisos de índole económica, e para o relativo á utilización da instalación deportiva en tanto non medie denuncia por calquera das partes.
2. No caso dos compromisos económicos a vixencia pode ser prorrogada de existir conformidade entre as partes signatarias instrumentándose mediante addenda ao presente convenio.
3. A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da Administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa días da súa presentación diante da Comisión a que se refire a cláusula anterior, e deberá fundamentarse no incumprimento das obrigas esixibles á parte que os motive.

NOVENA.-

O presente Convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade asíñase o presente Convenio de Colaboración en quintuplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de
Educación e Ordenación Universitaria

A conselleira de
Cultura e Deporte

Laura Sánchez Piñón

Ánxela Bugallo Rodríguez

O alcalde – presidente do
Concello de Santiago de Compostela

José A. Sánchez Bugallo